



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2010 11:01
Nº Rexistro: 24659

Data envío: 22/02/2010 11:01:32.591

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Teresa Táboas Veleiro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza reactive a dotación de solo empresarial na comarca da Barbanza a través do macropolígono proxectado nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal.

A dotación de solo empresarial na comarca do Barbanza viuse amplamente impulsada na pasada lexislatura. Unha apostaba que rachaba cos anos de esquecemento e desleixo dos gobernos do PP que nunca apostaran por crear solo produtivo nesta comarca. Á marxe das actuacións levadas adiante nos concellos de Boiro e Rianxo, o proxecto máis relevante situábase nos concellos de A Pobra do Caramiñal e Ribeira, coa construción dun polígono comarcal, que afecta a unha superficie de máis de un millón de metros cadrados e cun investimento global de máis de 32 millóns de euros.

A Consellería de Vivenda e Solo adxudicou en outubro do 2008, por 59.392 €, a redacción do proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento do Parque Empresarial do Barbanza. A empresa que resultou adxudicataria, Nortagro S.L., dispoñía dun prazo de 2 meses para redactar este documento.

O proxecto do Parque Empresarial do Barbanza foi declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego a principios do mes de setembro de 2008. Esta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2010 11:01
Nº Rexistro: 24659
Data envío: 22/02/2010 11:01:32.591

declaración viña motivada pola magnitude da actuación que se ía desenvolver. Unha aposta sen precedentes nesta comarca que dará resposta ás necesidades de solo produtivo. Necesidades que se detectaron e constataron a través dos estudos de viabilidade medioambiental, técnica e económica no que se analizaron 10 millóns de metros cadrados de terreo.

A relevancia desta actuación para a economía da comarca é indubidábel. Falamos dunha superficie total de 1.008.928 metros cadrados entre os municipios de Ribeira e Pobra do Caramiñal, que comparten unha economía relacionada co sector pesqueiro e cunha actividade industrial concentrada na conserva. Da superficie total, 541.520 metros cadrados serían de uso empresarial e industrial, 311.824 metros cadrados para espazos libres, 124.198 metros cadrados para a rede viaria e 31.386 metros cadrados para equipamentos.

O proxecto deste parque inclúe novidades importantes e estaba chamado a ser un referente. Así no proxecto prevese a construción de naves modulares para o pequeno empresariado que quixer instalarse, co obxectivo de dar resposta ás súas necesidades de solo produtivo a un prezo e nunhas condicións razoábeis. Naves con alugueiros a 10 anos e con opción de compra. Mais tamén un edificio de usos múltiples para dar servizo ao empresariado.

Mais coa chegada do PP á Xunta de Galiza non se realizou nin un só trámite para seguir adiante con este polígono. Case un ano despois das eleccións, advertimos unha parálise que só se pode entender pola falta de vontade política do actual goberno por continuar con esta actuación. Situación que nos preocupa pois é necesario que a comarca da Barbanza teña neste momento actuacións que reforcen o tecido



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2010 11:01
Nº Rexistro: 24659
Data envío: 22/02/2010 11:01:32.591

empresarial existente, que a fagan atractiva para a instalación de novas actividades. Non pode entenderse que nun momento de crise económica a Xunta non asuma o seu papel como impulsor e dinamizador da economía. E o que aínda é peor, que paralice actuacións que estaban en marcha, que contaban cun amplo consenso social e que son necesarias para o desenvolvemento da comarca da Barbanza.

Polo dito formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza impulsar de maneira urxente a construción do macropolígono na comarca da Barbanza?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/02/2010 10:14:06

Teresa Táboas Veleiro na data 22/02/2010 10:14:11